



**sector público e  
benestar social**



## 4.1. comunidade autónoma

O presuposto do ano 2000 ten como referencia, respecto á planificación de obxectivos e liñas de actuación, o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia, aprobado o 26 de outubro de 1999 polo Parlamento de Galicia, que contén a política socioeconómica da Xunta de Galicia para o período 2000-2006 (PEDEGA 2000-2006) e que inclúe a formulación da estratexia operativa por eixes do PDR 2000-2006.

No ámbito dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2000, **cadro 4.1.1.**, intégranse os presupostos da súa Administración Xeral, dos seus Organismos Autónomos e das súas Sociedades Públicas (Entes Públicos e Sociedades Mercantís).

O presuposto consolidado (Administración Xeral e Organismos Autónomos) da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2000 ascendeu a 1.039.904 millóns de pesetas, un 6,1% superior ó

do ano 1999, o que representa o 20,9% do VEB galego a prezos básicos (prezos correntes) (fonte: IGE).

Dous entes de dereito público, o Instituto Enerxético de Galicia, creado por Lei 3/1999, do 11 de marzo, e a Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061, creada polo Decreto 172/1999, de 27 de maio, aparecen por primeira vez no presuposto das Sociedades Públicas.

### O presuposto de ingresos da Administración xeral

O sistema financeiro aplicable a Galicia, inspirado nos principios de autonomía financeira, suficiencia de recursos e solidariedade, é o do réxime común regulado na Lei Orgánica 3/1996, de modificación parcial da LOFCA, segundo o modelo vixente para o período 1997-2001, do que se exclúe o sistema de financiamento sanita-

Ámbito dos Presupostos Xerais da C.A. de Galicia 2000

Administración Xeral	Organismos Autónomos		Administración Institucional	
	Administrativos	Comerciais, industriais e financeiros	Entes públicos	Sociedades Públicas
Seccións				Sociedades mercantis
Parlamento (1) Consello de Contas (1) Consello da Cultura Galega (1)				
C <sup>a</sup> de Presidencia e Admon. Pública	EGAP			S.A. de Desenvolvemento Comarcal S.A. Centro Supercomput. de Galicia
C <sup>a</sup> de Economía e Facenda	IGE		CES IGAPE CIXTEC	CEEI Galicia, S.A. SODIGA SPI Galicia S.A. XES Galicia S.A.
C <sup>a</sup> de Política Territorial, O.P. e Vivenda	Augas de Galicia	IGVS	Portos de Galicia Empresa pública Obras e Servicios	Xestur Coruña, S.A. Xestur Lugo, S.A. Xestur Ourense, S.A. Xestur Pontevedra, S.A.
C <sup>a</sup> de Educación e Ord. Universitaria				
C <sup>a</sup> de Industria e Comercio	IGC		Instituto Enerxético de Galicia	Galicia Calidade, S.A. XESTENGA, S.A.
C <sup>a</sup> de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria		ILLGA		Xenética Fontao, S.A.
C <sup>a</sup> de Cultura, Comunicac. Social e Turismo		IGAEM	CRTVG	TVG, S.A. RTVG, S.A. S.A. Xestión Xacobeo S.I.P.T.-Galicia S.A. RETEGAL, S.A.
C <sup>a</sup> de Sanidade e Servicios Sociais	SERGAS		Fundacións públicas: Hospital de Verín I.G. Oftalmoloxía Hospital Virxe da Xunqueira Hospital A Barbanza Escola Galega de Admón. Sanitaria Urxencias de Galicia	MEDTEC, S.A.
C <sup>a</sup> de Pesca, Marisqueo e Acuicultura				
C <sup>a</sup> de Xustiza, Interior e Relacións Laborais	AGS			
C <sup>a</sup> de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude	SGPIHM			
C <sup>a</sup> de Medio Ambiente				SOGAMA, S.A.
Consello Consultivo de Galicia (1) Transferencias a CC.LL. Débeda Pública Gastos diversas Consellerías				

(1) Órganos estatutarios sen dependencia funcional da Administración Xeral.  
Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

rio. A Lei 14/1996, do 30 de decembro, establece a cesión parcial do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), cun límite máximo do 30%, e atribúe á Comunidade Autónoma capacidade normativa sobre o seu tramo autonómico, sobre o Imposto sobre Sucesións e Doazóns e sobre o Imposto sobre o Patrimonio das Persoas Físicas. O devandito modelo trata de ampliar a súa autonomía financeira e a corresponsabilidade fiscal das comunidades autónomas.

A participación dos ingresos estatais (PIE), evolucionan en paralelo cos ingresos tributarios axustados estruturalmente (ITAE) e os dous tramos do IRPF (autonómico e estatal territoria-

lizado) evolucionan de acordo coa variación da recadación do IRPF en Galicia. En ámbolos dous casos, o Fondo de Garantía, en base ó principio de solidariedade, garante que a evolución mínima será igual ó incremento do PIB a custo dos factores que, no ano 2000, representou 9.940 millóns de pesetas, como entrega a conta da garantía de evolución mínima dos recursos que corresponden ós dous tramos do IRPF. A evolución do ITAE tivo un bo comportamento, experimentando unha variación do 9,1%.

A previsión de ingresos no presuposto da Administración Xeral da Comunidade Autónoma sitúase en 708.663 millóns de pesetas, cun

## CADRO 4.1.2.

## Fondo de Compensación Interterritorial 1999-00: capítulo VII do presuposto de gastos do Estado

	1999		2000	
	importe (en miles de pesetas)	%	importe (en miles de pesetas)	%
Andalucía	57.397.000	41,4	58.563.335	41,4
Asturias	4.568.700	3,3	4.669.958	3,3
Canarias	5.857.200	4,2	5.974.320	4,2
Cantabria	1.288.500	0,9	1.314.266	0,9
Castela-León	10.733.700	7,7	10.949.854	7,7
Castela A Mancha	10.073.600	7,3	10.275.039	7,3
C. Valenciana	8.927.900	6,4	9.106.488	6,4
Extremadura	10.514.600	7,6	10.709.355	7,6
Galicia	24.283.100	17,5	24.754.596	17,5
Murcia	5.052.700	3,6	5.153.789	3,6
<b>Total</b>	<b>138.697.000</b>	<b>100</b>	<b>141.471.000</b>	<b>100</b>

Fonte: Ministerio de Economía y Hacienda

incremento nominal do 6% sobre o exercicio anterior.

Os ingresos propios acadan un total de 171.659 millóns de pesetas, o 24,2% do presuposto de ingresos da Administración Xeral, mantendo o seu peso respecto ó ano anterior.

Considerando os ingresos propios en tres grupos, en función do seu maior nivel de autonomía, os recursos propios de carácter non financeiro sitúanse en 15.700 millóns de pesetas (2,2% dos ingresos totais da Administración Xeral), os ingresos financeiros sitúanse en 43.185 millóns de pesetas (6,1% dos ingresos totais da Administración Xeral), un 5,7% máis que no exercicio anterior; e os tributos cedidos acadan os 112.774 millóns de pesetas (o 15,9% dos ingresos totais da Administración Xeral), un 5,8% máis que no exercicio anterior, segundo recolle o **cadro C.4.2.** (*Presuposto da Administración Xeral da C.A. 1999-00: ingresos propios*).

Os ingresos transferidos, cun importe de 537.005 millóns de pesetas, significan o 75,7% do financiamento total da Administración Xeral, mantendo o seu peso respecto ó ano anterior.

Considerando os ingresos transferidos en tres grupos, en función da súa orixe, os recursos procedentes dos presupostos xerais do Estado sitúanse en 472.433 millóns de pesetas (66,6%

dos ingresos totais da Administración Xeral), un 6,6% máis que no exercicio anterior.

A partida máis importante é o PIE, que, con 320.990 millóns de pesetas, aumenta un 7,9% respecto ó ano anterior e significa un 48,2% dos ingresos totais non financeiros.

Dentro dos recursos procedentes dos presupostos xerais do Estado, destaca a participación de Galicia no Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), recollida no **cadro C.4.1.** (*Presuposto da Administración Xeral da C.A. ingresos transferidos*). O FCI que corresponde a Galicia aumenta en termos absolutos: pasou de 24.283 millóns de pesetas en 1999 a 24.755 millóns de pesetas en 2000. Galicia mantén a súa participación relativa no dito fondo no 17,5%.

O modelo vixente do FCI consta de cinco variables distributivas (porcentualmente ponderadas): poboación (87,5%), superficie (3%), paro (1%), saldo migratorio (1,6%) e dispersión da poboación (6,9%), e de dúas variables redistributivas: VEB/hab. (20% sobre o resultado anterior) e insularidade (3,2% de adición a Canarias).

Pola súa banda, os recursos procedentes da Unión Europea, no primeiro ano dos sete do novo Marco de Apoio Comunitario para o período 2000-2006, acadan os 64.567 millóns de pesetas (9,1% dos ingresos totais da Administra-

CADRO 4.1.3.

**Presuposto de gastos da Administración Xeral da C.A. 1999-2000: distribución económica**

Capítulos	1999	2000	00/99		Valor relativo	
			importe	%	1999	2000
	<i>(en millóns de pesetas)</i>					
I Gastos de persoal	193.135	205.259	12.124	6,3	28,9	29,0
II Gastos en bens correntes e servizos	39.832	42.007	2.175	5,5	6,0	5,9
III Gastos financeiros	30.573	29.052	-1521	-5,0	4,6	4,1
IV Transferencias correntes	204.867	212.871	8.004	3,9	30,6	30,0
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>468.407</b>	<b>489.189</b>	<b>20.782</b>	<b>4,4</b>	<b>70,1</b>	<b>69,0</b>
VI Investimentos reais	68.127	74.682	6.555	9,6	10,1	10,6
VII Transferencias de capital	104.004	110.677	6.673	6,4	15,6	15,6
<b>Total operacións non financeiras de capital</b>	<b>172.131</b>	<b>185.359</b>	<b>13.228</b>	<b>7,7</b>	<b>25,7</b>	<b>26,2</b>
<b>Total Gastos non Financeiros</b>	<b>640.538</b>	<b>674.548</b>	<b>34.010</b>	<b>5,3</b>	<b>95,8</b>	<b>95,2</b>
VIII Activos financeiros	5.101	930	-4171	-81,8	0,8	0,1
IX Pasivos financeiros	22.867	33.185	10.318	45,1	3,4	4,7
<b>Total operacións financeiras de capital</b>	<b>27.968</b>	<b>34.115</b>	<b>6.147</b>	<b>22,0</b>	<b>4,2</b>	<b>4,8</b>
<b>Total Gastos Financeiros</b>	<b>27.968</b>	<b>34.115</b>	<b>6.147</b>	<b>22,0</b>	<b>4,2</b>	<b>4,8</b>
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>200.098</b>	<b>219.474</b>	<b>19.375</b>	<b>9,7</b>	<b>29,9</b>	<b>31,0</b>
<b>Total</b>	<b>668.506</b>	<b>708.663</b>	<b>40.157</b>	<b>6,0</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

ción Xeral), un 5,6% máis que no exercicio anterior. Cómpre salientalo incremento do 65,5% do FEDER (8.886 millóns de pesetas).

O FSE diminúe nun 32,2% (2.997 millóns de pesetas). O FEOGA diminúe nun 3,6% (815 millóns de pesetas), o IFOP aumenta nun 4,4% (451 millóns de pesetas) e o Fondo de Cohesión aumenta nun 8,9% (164 millóns de pesetas).  
**Cadro C.4.3.** *(Presuposto da Administración Xeral da C.A. ingresos transferidos).*

A relación entre ingresos propios e transferidos configura o nivel de autonomía financeira da Comunidade Autónoma. No ano 2000, mantense a mesma relación que no ano 1999. Os tributos cedidos incrementáanse nun 5,8%. Dentro deles, o tramo autonómico do IRPF incrementábase nun 2,3% (1.130 millóns de pesetas), Transmisións e actos xurídicos documentados aumenta un 9,8% (2.995 millóns de pesetas) e sucesións e doazóns aumenta un 13,4% (1.580 millóns de pesetas).

Os dereitos recoñecidos netos no presuposto de ingresos da Administración xeral, a 31 de decembro de 2000, acadaron os 739.581 millóns de pesetas, un 4,4% máis da previsión inicial e

un 3,8% máis que no exercicio anterior, cando foran de 712.572 millóns de pesetas.

### O presuposto de gastos da Administración Xeral

O presuposto de gastos da Administración Xeral para 2000 ascendeu a 708.663 millóns de pesetas, cun incremento nominal do 6% (40.157 millóns de pesetas) máis que no exercicio anterior. O incremento das operacións correntes respecto ó exercicio anterior é do 4,4% (20.782 millóns de pesetas) e o incremento das operacións non financeiras de capital é do 7,7% (13.228 millóns de pesetas), tal como reflicte a súa distribución económica no **cadro 4.1.3.**

Dentro das operacións non financeiras de capital, as transferencias de capital acadan os 110.677 millóns de pesetas, un 6,4% máis que no exercicio anterior, e os investimentos reais acadan os 74.682 millóns de pesetas, un 9,6% máis que no exercicio de 1999.

As obrigas recoñecidas, a 31 de decembro de 2000, acadaron os 737.919 millóns de pese-

## CADRO 4.1.4.

## Presuposto de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos administrativos 2000

INGRESOS	Capítulos								Total
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	
	(en millóns de pesetas)								
Escola Galega de Admón. Pública	-	-	-	445	-	-	7	-	452
Instituto Galego de Estatística	-	-	12	360	-	-	394	-	766
Augas de Galicia	-	-	1.188	372	30	-	10.125	-	11.715
Instituto Galego de Consumo	-	-	-	556	-	-	160	-	716
Servicio Galego de Saúde	-	-	4.346	319.508	-	-	677	-	324.531
Academia Galega de Seguridade	-	-	-	253	-	-	-	-	253
Serv. Galego Promoción Iguald. H-M	-	-	-	923	-	-	8	-	931
<b>Total</b>	-	-	5.546	322.417	30	-	11.371	-	339.364

GASTOS	Capítulos								Total
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	
	(en millóns de pesetas)								
Escola Galega de Admón. Pública	119	262	-	64	-	7	-	-	452
Instituto Galego de Estatística	333	36	-	3	-	289	105	-	766
Augas de Galicia	628	112	-	175	-	10.500	300	-	11.715
Instituto Galego de Consumo	420	35	-	101	-	160	-	-	716
Servicio Galego de Saúde	140.244	86.000	-	77.709	-	20.228	185	165	324.531
Academia Galega de Seguridade	95	158	-	-	-	-	-	-	253
Serv. Galego Promoción Iguald. H-M	92	55	-	776	-	8	-	-	931
<b>Total</b>	141.931	86.658	-	78.828	-	31.192	590	165	339.364

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

tas, un 91,8% sobre o presuposto vixente a dita data (803.693 millóns de pesetas), 0,4 puntos máis que o ano anterior. As obrigas recoñecidas por operacións de capital acadaron os 191.999 millóns de pesetas, un 79% sobre o seu presuposto vixente a dita data (243.931 millóns de pesetas), 1,3 puntos máis que o ano anterior. As obrigas recoñecidas por transferencias correntes acadaron o 96,4% do seu presuposto.

As modificacións de crédito do exercicio acadaron os 95.030 millóns de pesetas (un 13,4% dos créditos iniciais), 1,8 puntos menos que no ano 1999. Un 42,3% destas modificacións corresponderon a transferencias de capital, un 18,3% a investimentos reais e un 21,5%, a transferencias correntes.

### O presuposto dos organismos autónomos

O presuposto dos organismos autónomos administrativos acada no ano 2000 os 339.364 millóns de pesetas, un 6,2% (19.883 millóns de pesetas) máis que en 1999.

O devandito incremento é debido, fundamentalmente, ó Servicio Galego de Saúde, cunha previsión de ingresos e autorización de gastos para 2000 que ascendeu a 324.531 millóns de pesetas, un 6,6% (20.029 millóns de pesetas) superior á do ano anterior. Augas de Galicia, cunha previsión de ingresos e autorización de gastos para 2000 de 11.715 millóns de pesetas, é o segundo organismo autónomo administrativo cun maior presuposto.

As operacións de capital dos organismos autónomos administrativos (capítulos VI e VII) acadaron o 9,4% (31.782 millóns de pesetas) do total presupostado. O Sergas, con 20.413 millóns de pesetas, e Augas de Galicia, con 10.800 millóns de pesetas, representan o 98,2% do total das operacións de capital dos organismos autónomos administrativos, que aumentan en 1.093 millóns de pesetas con respecto ó presuposto de 1999, como amosa o **cadro 4.1.4.**

O presuposto dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos acada os 36.224 millóns de pesetas, un 4,4% máis que no ano anterior.

CADRO 4.1.5.

Presuposto de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos comerciais, industriais e financeiros 2000

INGRESOS	Capítulos								Total
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	
	(en millóns de pesetas)								
Instituto Galego de Vivenda e Solo	-	-	128	1.233	100	8.333	11.500	6	21.300
Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia	-	-	-	866	4	-	13.281	-	14.151
Inst. Galego de Artes Escén. e Music.	-	-	-	343	50	-	400	-	793
<b>Total</b>	-	-	128	2.442	154	8.333	25.181	6	36.244

GASTOS	Capítulos								Total
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	
	(en millóns de pesetas)								
Instituto Galego de Vivenda e Solo	951	297	213	-	-	10.625	8.908	306	21.300
Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia	744	96	-	30	-	424	12.857	-	14.151
Inst. Galego de Artes Escén. e Music.	202	102	-	39	-	450	-	-	793
<b>Total</b>	1.897	495	213	69	-	11.499	21.765	306	36.244

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

As operacións de capital dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos (capítulos VI e VII) supuxeron o 91,8% (33.264 millóns de pesetas) do total presupostado, cun aumento de 1.521 millóns de pesetas con respecto ó presuposto de 1999. Estes datos están reflectidos no **cadro 4.1.5.**

### O presuposto consolidado

A través do presuposto consolidado pode apreciarse a dimensión real que os programas de ingresos e gastos da Administración Xeral e dos organismos autónomos proxectan sobre a actividade económica e social de Galicia, unha vez eliminadas as transferencias internas entre os sectores mencionados (fundamentalmente, capítulos IV e VII de gastos da Administración Xeral a capítulos IV e VII de ingresos dos organismos autónomos), que acadaron os 44.368 millóns de pesetas.

O presuposto consolidado previsto para 2000 ascendeu a 1.039.904 millóns de pesetas, cantidade que supera en 60.192 millóns de pesetas ós estimados inicialmente no ano anterior, sobre os que se incrementa un 6,1%.

Os ingresos por operacións correntes (897.577 millóns de pesetas) experimentaron un incremento de 49.194 millóns de pesetas, un 5,8% superior ó exercicio anterior. A previsión

orxamentaria de ingresos por impostos directos acada a cifra de 68.679 millóns de pesetas, un 4,9% superior á do ano anterior. Respecto ós impostos indirectos, a previsión orxamentaria de ingresos cífrase en 37.045 millóns de pesetas, un 9,6% superior á do ano anterior. No caso das taxas, prezos e outro ingresos, a previsión orxamentaria é de 26.674 millóns de pesetas, un 5,0% superior a do ano 1999.

Os ingresos polo total das operacións de capital (142.327 millóns de pesetas) aumentan en 10.998 millóns de pesetas, un 8,4% máis que o ano anterior. Este aumento correspóndese basicamente co aumento dos ingresos procedentes de transferencias de capital, que aumentan un 9,7% (8.044 millóns de pesetas), debido principalmente ó aumento das transferencias dos fondos europeos –FEDER– e de operacións de endebedamento, que aumentan un 5,7% (2.318 millóns de pesetas) respecto ó ano anterior e que financian parte do importante incremento da amortización da débeda (45,1%) (**cadro C.4.3. Presuposto consolidado da Comunidade Autónoma 1999-00: distribución económica**).

Os gastos por operacións correntes (788.464 millóns de pesetas) medran un 5,2% (39.115 millóns de pesetas).

As transferencias correntes experimentan un crecemento do 5,6% (14.966 millóns de



CADRO 4.1.1.6.

Presupostos Xerais da C.A. Galega 2000: Investimentos Reais. Distribución Orgánica

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	S. Centr.	Varios	Total	Val. Relativo (%)
<b>Administración Xeral</b>	6.717.629	5.738.681	5.138.724	6.057.390	6.426.971	44.602.208	74.681.603	63,6
Parlamento	-	-	-	-	248.200	-	248.200	0,2
Consello de Contas	-	-	-	-	34.500	-	34.500	0,0
Consello da Cultura Galega	-	-	-	-	27.870	-	27.870	0,0
Presidencia	381.700	311.627	97.000	334.259	1.460.968	1.081.236	3.666.790	3,1
Economía e Facenda	772.955	-	210.000	-	-	786.319	1.769.274	1,5
Política Territorial	987.872	1.670.488	1.965.654	2.509.662	385.000	8.727.642	16.246.318	13,8
Educación	2.027.700	1.549.123	900.000	1.729.000	2.062.329	5.116.391	13.384.543	11,4
Industria e Comercio	-	-	200.000	-	496.000	976.330	1.672.330	1,4
Agricultura	1.468.248	2.104.013	1.655.161	953.781	328.604	2.640.772	9.150.579	7,8
Cultura	905.000	-	-	-	151.000	4.833.514	5.889.514	5,0
Sanidade e Servizos Sociais	-	-	-	-	13.000	3.174.243	3.187.243	2,7
Pesca	-	-	-	-	-	4.592.894	4.592.894	3,9
Xustiza	174.154	103.430	110.909	417.688	81.500	1.297.667	2.185.348	1,9
Familia	-	-	-	-	-	1.193.000	1.193.000	1,0
Medio Ambiente	-	-	-	113.000	-	8.668.152	9.900.152	8,4
Consello Consultivo	-	-	-	-	19.000	-	19.000	0,0
Gastos de Diversas Consellerías	-	-	-	-	-	1.514.048	1.514.048	1,3
<b>Organismos Autónomos</b>	10.100.952	5.800.241	4.155.832	11.697.181	2.797.960	8.138.858	42.691.024	36,4
Escola Galega de Administración Pública	-	-	-	-	6.640	-	6.640	0,0
Instituto Galego de Estatística	-	-	-	-	42.000	247.168	289.168	0,2
Augas de Galicia	2.261.212	1.308.045	1.185.872	2.476.601	504.540	2.763.730	10.500.000	8,9
Instituto Galego de Consumo	-	-	-	-	160.000	-	160.000	0,1
Serv. Galego de Promoción da Saúde	4.802.740	2.476.320	1.487.460	5.403.080	1.363.440	4.694.960	20.228.000	17,2
Serv. Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller	-	-	-	-	-	8.000	8.000	0,0
Instituto Galego de Vivenda e Solo	3.037.000	2.015.876	1.482.500	3.817.500	264.000	8.000	10.624.876	9,1
Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia	-	-	-	-	424.340	-	424.340	0,4
Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais	-	-	-	-	33.000	417.000	450.000	0,4
<b>Total</b>	16.818.581	11.538.922	9.294.556	17.754.571	9.224.931	52.741.066	117.372.627	100

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos 2000

CADRO 4.1.7.

Actuacións previstas dos investimentos reais 2000. Administración Xeral.

	importe		Total Consellería	
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%
<b>Consellería de Presidencia e Adm. Publ.</b>				
Mandatos SPI, S.A.	600	0,8		
SXPA	521	0,7		
Outras actuacións	2.546	3,4	3.667	4,9
<b>Consellería de Economía e Facenda</b>				
Edificio de usos múltiples de San Lázaro	282	0,4		
Residencia oficial Presidente Xunta	250	0,3		
Outras actuacións	1.237	1,7	1.769	2,4
<b>Consellería de Política Territorial, O.P. e Vivenda</b>				
Conservación por contrata	2.235	3,0		
Pago de expropiacións	1.300	1,7		
Convenios con outras administracións	1.095	1,5		
Outras actuacións	11.616	15,6	16.246	21,8
<b>Consellería de Educación e Ordenación Univ.</b>				
Convenios de fomento e normalización da lingua galega	1.322	1,8		
Reparación, ampliación e mellora de centros educativos	7.997	10,7		
Formación e perfeccionamento de profesorado	481	0,6		
Expropiacións	466	0,6		
Outras actuacións	3.119	4,2	13.385	17,9
<b>Consellería de Industria e Comercio</b>				
Promoción do comercio e dos produtos galegos	500	0,7		
Laboratorio oficial de Metroloxía	200	0,3		
Outras actuacións	972	1,3	1.672	2,2
<b>Consellería de Agricultura, Gandería e Política agroalimentaria</b>				
Concentración parcelaria, obras e servizos inherentes	2.518	3,4		
Infraestructuras de comunicación no medio rural	2.600	3,5		
Outras actuacións	4.033	5,4	9.151	12,3
<b>Consellería de Cultura, Com. e Turismo</b>				
Rede oficial da autoestrada galega de información	407	0,5		
Patrimonio cultural	692	0,9		
Valoración recursos culturais en rutas de interese turístico	515	0,7		
Outras actuacións	4.276	5,7	5.890	7,9
<b>Consellería de Sanidade e servizos Sociais</b>				
Programa de loita contra as drogodependencias	449	0,6		
Programa galego de vacinación	710	1,0		
Outras actuacións	2.028	2,7	3.187	4,3
<b>Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura</b>				
Equipamentos pesqueiros	404	0,5		
Bancos marisqueiros naturais	406	0,5		
Seguridade no mar	925	1,2		
Servicio de salvamento e loita contra a contaminación no mar	761	1,0		
Outras actuacións	2.097	2,8	4.593	6,2
<b>Consellería de Xusticia, Interior e RR.LL</b>				
Plan SOS Galicia	471	0,6		
Obras nos órganos judiciais	479	0,6		
Outras actuacións	1.235	1,7	2.185	2,9
<b>Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuv.</b>				
Obras de reparación de edificios e outras construcións	245	0,3		
Plano de apoio á familia	229	0,3		
Outras actuacións	719	1,0	1.193	1,6
<b>Consellería de Medio Ambiente</b>				
Vixilancia, prevención e extinción de incendios	2.124	2,8		
Plano de recuperación de espazos degradados	1.497	2,0		
Plano de conservación da Biodiversidade	679	0,9		
Outras actuacións	5.600	7,5	9.900	13,3
<b>Outros investimentos reais</b>				
Parlamento	248	0,3		
Consello de Contas	35	0,0		
Consello da Cultura Galega	28	0,0		
Consello Consultivo	19	0		
Gastos diversas Consellerías	1.514	2,0	1.844	2,5
<b>Total</b>	<b>74.682</b>	<b>100</b>	<b>74.682</b>	<b>100</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

## CADRO 4.1.8.

## Transferencias de Capital e Correntes da C.A. Galega 2000

	Transferencias de Capital		Transferencias Correntes	
	(en miles de pesetas)	%	(en miles de pesetas)	%
<b>Administración Xeral</b>	110.677.473	83,2	212.871.098	73,0
Parlamento	6.500	0,0	219.800	0,1
Consello de Contas	-	-	660	0,0
Consello da Cultura Galega	-	-	32.000	0,0
Consellería da Presidencia e Administración Pública	3.487.560	2,6	3.476.568	1,2
Consellería de Economía e Facenda	12.492.551	9,4	2.184.846	0,7
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda	28.040.680	21,1	1.814.754	0,6
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	2.886.694	2,2	57.260.698	19,6
Consellería de Industria e Comercio	11.612.165	8,7	1.565.471	0,5
Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria	21.333.921	16,0	1.153.012	0,4
Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo	6.262.639	4,7	15.335.112	5,3
Consellería de Sanidade e Servizos Sociais	1.480.757	1,1	17.115.225	5,9
Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura	13.022.106	9,8	444.948	0,2
Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais	1.227.652	0,9	2.233.309	0,8
Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude	918.000	0,7	26.668.395	9,1
Consellería de Medio Ambiente	7.556.248	5,7	30.300	0,0
Gastos de Diversas Consellerías	350.000	0,3	-	-
Transferencias a Corporacións Locais	-	-	83.336.000	28,6
<b>Organismos Autónomos</b>	22.355.654	16,8	78.897.106	27,0
Escola Galega de Administración Pública	-	-	63.933	0,0
Instituto Galego de Estatística	105.000	0,1	3.400	0,0
Augas de Galicia	300.000	0,2	175.000	0,1
Servicio Galego de Consumo	-	-	101.000	0,0
Servicio Galego de Saúde	185.000	0,1	77.709.496	26,6
Serv. Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller	-	-	775.627	0,3
Instituto Galego de Vivenda e Solo	8.908.500	6,7	-	-
Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia	12.857.154	9,7	30.000	0,0
Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais	-	-	38.650	0,0
	(en millóns de pesetas)		(en millóns de pesetas)	
<b>Total Presuposto Bruto</b>	133.033	100	291.768	100
<b>Total Transferencias Internas</b>	33.552,1	25,2	10.816,2	3,7
<b>Total Presuposto Consolidado</b>	99.481	74,8	280.952	96,3

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

pesetas) e acadan os 280.952 millóns de pesetas. A desagregación orgánica e por actuacións previstas das transferencias correntes aparece nos **cadros 4.1.8. e 4.1.10.**

Os gastos por operacións non financeiras de capital (216.854 millóns de pesetas) aumentan respecto ó ano 1999 nun 7,4% (15.005 millóns de pesetas) (**cadro C.4.3. Presuposto consolidado da Comunidade Autónoma 1999-00: distribución económica**). Os investimentos reais medran respecto ó ano anterior un 7,2% (7.835 millóns de pesetas) ata acadar os 117.373 millóns de pesetas. As transferencias de capital medran un 7,8% (7.170 millóns de pesetas), acadando os 99.481 millóns de pesetas. A súa desagregación orgánica e por actuacións previstas dos investimentos reais aparecen nos **cadros 4.1.6. e 4.1.7.** e a das transferencias de capital, nos **cadros 4.1.8. e 4.1.9.**

O total de operacións non financeiras de capital en 2000 representou o 4,4% do VEB

galego a prezos básicos, prezos correntes (fonte: IGE).

Desde o punto de vista da súa distribución funcional, a parte máis importante (91,3%) do presuposto consolidado repartíuse entre as seguintes funcións: Sanidade, o 31,9% (332.058 millóns de pesetas); Educación o 23,1% (240.403 millóns de pesetas); Transferencia a entidades locais, o 8,8% (87.946 millóns de pesetas); Débeda pública, o 5,4% (61.998 millóns de pesetas); Seguridade Social e Protección Social, o 3,6% (37.568 millóns de pesetas); Plan de crecemento e emprego, o 3,7% (38.099 millóns de pesetas); Infraestruturas básicas e do transporte, o 3% (31.600 millóns de pesetas); Agricultura, Gandería e Pesca, o 2,8% (27.967 millóns de pesetas); Promoción de Emprego, o 2,7% (28.164 millóns de pesetas); Cultura, o 2,2% (23.272 millóns de pesetas); Vivenda e Urbanismo, o 2,3% (23.870 millóns de pesetas); e Benestar comunitario, o 1,5% (15.339 millóns de pesetas). Este reparto recóllese no cadro

CADRO 4.1.9.

Actuacións previstas das transferencias de capital 2000. Administración Xeral

	importe		Total Consellería	
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%
<b>Consellería de Presidencia e Adm. Publ.</b>				
Proxectos de infraestrutura de investigación pública para I+D e colaboración con empresas privadas para I+D	2.080	1,9		
Outras actuacións	1.407	1,3	3.487	3,2
<b>Consellería de Economía e Facenda</b>				
Transferencias o IGAPE	6.800	6,1		
Fondo de cooperación local	4.360	3,9		
Outras actuacións	1.332	1,2	12.492	11,3
<b>Consellería de Política Territorial, O.P. e Vivenda</b>				
Transferencias o IGVS	8.500	7,7		
Transferencias a Augas de Galicia	10.125	9,1		
Transferencias a Portos de Galicia	2.720	2,5		
Autoestrada Santiago-Orense	4.000	3,6		
Outras actuacións	2.696	2,4	28.041	25,3
<b>Consellería de Educación e Ordenación Univ.</b>				
Convenios con universidades	700	0,6		
Transferencia a universidades (R.A.M.)	830	0,7		
Outras actuacións	1.357	1,2	2.887	2,6
<b>Consellería de Industria e Comercio</b>				
Fomento da investigación de minerais non metálicos	1.287	1,2		
Proxecto (1ª fase) do recinto feiral de A Coruña	900	0,8		
Outras actuacións	9.425	8,5	11.612	10,5
<b>Consellería de Agricultura, Gandería e Política agroalimentaria</b>				
Aportación ILGGA	13.281	12,0		
Apoio a industrialización e comercialización	3.358	3,0		
Outras actuacións	4.695	4,2	21.334	19,3
<b>Consellería de Cultura, Com. e Turismo</b>				
Transferencia a CRTVG	1.091	1,0		
Transferencia o Consorcio da cidade de Santiago	1.080	1,0		
Sociedade de imaxe e promoción turística de Galicia	900	0,8		
Outras actuacións	3.192	2,9	6.263	5,7
<b>Consellería de Sanidade e servizos Sociais</b>				
SERGAS	706	0,6		
Outras actuacións	775	0,7	1.481	1,3
<b>Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura</b>				
Axudas a acuicultura e cultivos marinos	1.442	1,3		
Axudas a empresas de transf. produtos pesq. e acuicultura	3.826	3,5		
Construcción e modernización de buques pesqueiros	3.510	3,2		
Outras actuacións	4.244	3,8	13.022	11,8
<b>Consellería de Xusticia, Interior e RR.LL</b>				
Outras actuacións	1.228	1,1	1.228	1,1
<b>Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuv.</b>				
Outras actuacións	918	0,8	918	0,8
<b>Consellería de Medio Ambiente</b>				
Subvencións para investimentos en prevención de incendios	1.442	1,3		
Axudas para a creación e mellora de masas forestais	5.671	5,1		
Outras actuacións	443	0,4	7.556	6,8
<b>Outras transferencias de capital</b>				
Parlamento	6	0,0		
Gastos diversas Consellerías	350	0,3	356	0,3
<b>Total</b>	<b>110.677</b>	<b>100</b>	<b>110.677</b>	<b>100</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

**C.4.2. (Presuposto consolidado de gastos da C. A. 1999-00: distribución funcional).**

As variacións cuantitativas, en termos absolutos, por grupos funcionais respecto ó ano 2000, son as seguintes: os Servizos de carácter xeral incrementáanse en 1.708 millóns de pese-

tas; Seguridade, protección e promoción social aumenta en 3.701 millóns; Produción de bens públicos de carácter social aumenta en 35.523 millóns; Produción de bens públicos de carácter económico incrementábase en 4.657 millóns de pesetas; Regulación económica de carácter xeral medra en 2.262 millóns; Reordenación indus-

**CADRO 4.1.10.**
**Actuacións previstas das transferencias correntes 2000. Administración Xeral**

	importe		Total Consellería	
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%
<b>Consellería de Presidencia e Adm. Publ.</b>				
A entidades, federacións e técnicos deportivos	1.048	0,5		
A S.A. de Desenvolvemento Comarcal	442	0,2		
Bolsas de investigación	633	0,3		
A EGAP	402	0,2		
Outras actuacións	952	0,4	3.477	1,6
<b>Consellería de Economía e Facenda</b>				
O IGE	360	0,2		
O CES	139	0,1		
O IGAPE	976	0,5		
O CIXTEC	650	0,3		
Outras actuacións	60	0,0	2.185	1,0
<b>Consellería de Política Territorial, O.P. e Vivenda</b>				
O IGVS	1.233	0,6		
A Augas de Galicia	372	0,2		
Convenio con RENFE	205	0,1		
Outras actuacións	5	0,0	1.815	0,9
<b>Consellería de Educación e Ordenación Univ.</b>				
A universidades para diversas accións	31.372	14,7		
A gratuidade de centros de ensino primario e ESO	18.298	8,6		
A gratuidade de centros de preescolar (infantil)	2.404	1,1		
A centros docentes non estatais de F.P. 2	1.449	0,7		
Outras actuacións	3.738	1,8	57.261	26,9
<b>Consellería de Industria e Comercio</b>				
O Instituto Galego de Consumo	555	0,3		
Instituto Galego de Enerxía	181	0,1		
Aportación a prestación de traballadores. Plano prexubilación	300	0,1		
A Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e D. Téc.	321	0,2		
Parque tecnolóxico de Galicia	150	0,1		
Outras actuacións	58	0,0	1.565	0,7
<b>Consellería de Agricultura, Gandería e Política agroalimentaria</b>				
Para cursos de formación e capacitación agraria	85	0,0		
A ILGGA	865	0,4		
Consello regulador e org. Rect. Denominación calidade	85	0,0		
Axudas o asociacionismo agrario	38	0,0		
Outras actuacións	80	0,0	1.153	0,5
<b>Consellería de Cultura, Com. e Turismo</b>				
A RTVG e as súas sociedades	10.599	5,0		
A S.A. de Xestión do Plano Xacobeo	3.400	1,6		
O IGAEM	343	0,2		
A Sociedad de Imaxe e Promoción Turística de Galicia	349	0,2		
Outras actuacións	644	0,3	15.335	7,2
<b>Consellería de Sanidade e servizos Sociais</b>				
O SERGAS	5.264	2,5		
Pensións asistenciais a anciáns e enfermos incapacitados	4.368	2,1		
Renda de Integración Social	2.325	1,1		
Convenios para servizos sociais. Plan concertado. CC.LL.	1.867	0,9		
Outras actuacións	3.291	1,5	17.115	8,0
<b>Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura</b>				
Regulación de mercados pesqueiros	99	0,0		
Outras actuacións	346	0,2	445	0,2
<b>Consellería de Xusticia, Interior e RR.LL</b>				
Colexios de avogados	526	0,2		
Convenio co Ministerio do Interior retribucións policía autonómica	275	0,1		
A Academia Galega de Seguridade	252	0,1		
Formación en materia de saúde laboral.	105	0,0		
Outras actuacións	1.075	0,5	2.233	1,0
<b>Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuv.</b>				
Formación de traballadores en paro. Plano F.I.P.	5.969	2,8		
Axudas a escolas obradoiro e casas de oficio	4.151	2,0		
Axudas a contratación e fomento do emprego	4.661	2,2		
Programas de Cooperación con entidades locais	2.661	1,3		
Axudas a economía social	1.378	0,6		
Medidas activas de emprego	1.851	0,9		
Orientación profesional para o emprego	1.020	0,5		
Outras actuacións	4.977	2,3	26.668	12,5
<b>Consellería de Medio Ambiente</b>				
Outras actuacións	30	0,0	30	0,0
<b>Outras transferencias correntes</b>				
Parlamento	220	0,1		
Consello de Contas	1	0,0		
Consello da Cultura Galega	32	0,0		
Corporacións Locais	83.336	39,1	83.589	39,3
<b>Total</b>	<b>212.871</b>	<b>100</b>	<b>212.871</b>	<b>100</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

trial e desenvolvemento empresarial diminúe en 2.093 millóns de pesetas; o Plan de crecemento e emprego aumenta en 4.064 millóns; as Transferencias a entidades locais aumentan en 1.574 millóns; e a Débeda pública aumenta en 8.797 millóns de pesetas.

### Análise das actuacións previstas

O 47,8% do presuposto consolidado (497.806 millóns de pesetas) corresponde a actuacións previstas a realizar a través dos investimentos reais (117.373 millóns de pesetas), as transferencias de capital (99.481 millóns de pesetas) e as transferencias correntes (280.952 millóns de pesetas).

O **cadro 4.1.6.** reflicte que o 63,6% dos investimentos reais corresponde á Administración Xeral (74.682 millóns de pesetas) e o 36,4% ós organismos autónomos. Un 52,8% dos investimentos reais non está territorializado. Dos investimentos reais correspondentes á Administración Xeral as actuacións máis relevantes teñen o seu reflexo no **cadro 4.1.7.**

Respecto ós investimentos reais dos organismos autónomos, cabe destaca-las actuacións de Augas de Galicia, que dedica 6.492 millóns de pesetas en obras de saneamento e 3.844 millóns de pesetas en obras hidráulicas. O Sergas, destina 1.619 millóns de pesetas á construción e equipamento de centros de saúde, 7.337 millóns de pesetas en reformas sa atención especializada, 2.940 millóns de pesetas en construción de centros de atención especializada, 2.417 millóns de pesetas en equipamento informático e 1.184 millóns de pesetas en equipamento de atención especializada. O IGVS, dedica 1.900 millóns de pesetas ó solo empresarial, 2.501 millóns de pesetas o solo residencial e 4.300 millóns de pesetas á construción de vivendas.

O **cadro 4.1.8.** reflicte que o 83,2% das transferencias de capital e o 73% das transferencias correntes corresponden á Administración Xeral. As actuacións máis relevantes das transferencias de capital, correspondentes á Administración Xeral teñen o seu reflexo no

**cadro 4.1.9.**, mentres as transferencias correntes se recollen no **cadro 4.1.10.**

No que atinxe ás transferencias correntes dos organismos autónomos, salientan as transferencias do Sergas, que dedica a farmacia (receitas médicas) un importe de 75.938 millóns de pesetas.

O **cadro 4.1.11.** resume por clave de financiamento os fondos que financian as transferencias de capital e as transferencias correntes. As transferencias de capital son financiadas nun 44,6% por fondos propios, nun 39,1% con fondos procedentes da Unión Europea e nun 12,3% polo FCI. O resto, un 4%, foi financiado por transferencias finalistas.

As transferencias correntes fináncianse nun 48,1% por fondos propios, nun 50% con transferencias finalistas e nun 1,9% polo Fondo Social Europeo.

### A conta financeira

A estimación dos ingresos non financeiros sitúase en 996.713 millóns de pesetas, cunha variación respecto a 1999 do 6,2%, mentres que os gastos non financeiros ascenderon a 1.005.319 millóns de pesetas, o que supón unha variación do 5,7% respecto a 1999.

A necesidade de financiamento sitúase en 8.605 millóns de pesetas, un 30,4% menos que no ano 1999, significando o 0,86% dos ingresos non financeiros e un 7,9% do aforro por operacións correntes.

O aforro por operacións correntes aumenta en 10.079 millóns de pesetas, ata acadalos 109.113 millóns de pesetas, o que supón un 10,2% de incremento respecto ó exercicio anterior. O déficit por operacións de capital aumenta en 6.325 millóns de pesetas e acadalos 117.718 millóns de pesetas, o que representa un 5,7% de incremento sobre o exercicio anterior.

A ratio aforro neto (aforro por operacións correntes–endebedamento neto) / operacións de

**CADRO 4.1.11.**
**Transferencias de Capital e Correntes da C.A. Galega 2000: distribución segundo clave de financiamento**

	Transferencias de Capital		Transferencias Correntes	
	(en miles de pesetas)	%	(en miles de pesetas)	%
<b>Fondos Propios</b>	49.404.292	44,6	102.401.796	48,1
libres	43.512.981	39,3	100.237.994	47,1
que cofinancian	5.891.311	5,3	2.163.802	1,0
<b>F.C.I.</b>	13.576.756	12,3	-	-
FCI libre	7.171.002	6,5	-	-
FCI que cofinancia	6.405.754	5,8	-	-
<b>FEDER</b>	16.462.999	14,9	-	-
MAC	15.928.699	14,4	-	-
Interreg	534.300	0,5	-	-
<b>FEOGA</b>	16.568.496	15,0	-	-
P.O.1	1.593.326	1,4	-	-
P.O.2	3.852.770	3,5	-	-
Garantía	11.122.400	10,0	-	-
Orientación L.H.	-	-	-	-
<b>Transferencias finalistas do Estado</b>	4.430.930	4,0	106.393.733	50,0
do Estado	1.574.752	1,4	105.332.010	49,5
do Estado que cofinancian	2.839.178	2,6	1.056.723	0,5
douttras Administracións	17.000	0,0	5.000	0,0
<b>IFOP</b>	9.434.000	8,5	-	-
Programa operativo	9.434.000	8,5	-	-
Iniciativa comunitaria Pesca	-	-	-	-
<b>Fondos de Cohesión</b>	800.000	0,7	-	-
<b>Fondo Social Europeo</b>	-	-	4.075.569	1,9
Programa Operativo	-	-	3.816.999	1,8
Inic. Comunitaria Empleo e R. Humanos	-	-	258.570	0,1
<b>Total</b>	<b>110.677.473</b>	<b>100</b>	<b>212.871.098</b>	<b>100</b>

Fonte: Xunta, Presupostos Xerais da C.A.

capital (gastos) pasa do 40,1 do exercicio anterior ó 45,7 en 2000, o que supón un incremento da cobertura das operacións de capital polo aforo neto.

O endebedamento bruto da Comunidade Autónoma (43.185 millóns de pesetas), que representa a necesidade de financiamento de investimentos máis o importe das amortizacións e a variación de activos financeiros, aumenta nun 5,7% sobre a cifra presupostada inicialmente no exercicio anterior. O endebedamento neto en 2000 é de 10.000 millóns de pesetas.

A carga financeira da débeda pública nos presupostos de 2000 situouse en 61.999 millóns de pesetas, 28.814 millóns de pesetas de gastos financeiros e 33.185 millóns de pesetas de amortización da débeda. A carga financeira supuxo o 6,9% dos ingresos correntes presupostados, aumentando un 16,5% (8.798 millóns de pesetas) respecto ó ano anterior, debido á diminución

dos intereses nun 5% (1.521 millóns de pesetas) e o aumento dun 45,1% da amortización (10.318 millóns de pesetas). Estas cifras obtéñense do **cadro C.4.5.** (*Conta financeira da C. A. 1999-00*).

En termos de caixa da Administración Xeral, os ingresos non financeiros a 31 de decembro do ano 2000 acadaron os 678.531,6 millóns de pesetas, un 3,4% máis que o ano anterior. Os pagos non financeiros acadaron os 689.798 millóns de pesetas, un 2,6% máis que o ano 1999. O déficit de caixa non financeiro foi de 11.266,4 millóns de pesetas, un 28,7% menos que no ano anterior.

### O presuposto das sociedades públicas: entes públicos e sociedades mercantís

O presuposto de explotación das sociedades mercantís incrementábase nun 18,8%, pasando

CADRO 4.1.12.

Presupostos das sociedades públicas 1999-00: sociedades mercantís

	1999		2000		00/99	
	Explotación	Capital	Explotación	Capital	Explotación	Capital
	(en millóns de pesetas)					
S.A. de Desenv. Comarcal de G.	568	179	606	120	6,7	-33,0
S.A Xestión Centro Superc. Galicia	322	166	373	12	15,8	-92,8
Ctro . Europeo de Empr. e Inn de G., S.A.	108	5	208	8	92,6	60,0
SODIGA	333	2.506	254	266	-23,7	-89,4
S. Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	1.816	29.388	976	16.812	-46,3	-42,8
Xestur A Coruña S.A.	1.973	322	1.550	169	-21,4	-47,5
Xestur Lugo, S.A.	279	15	597	16	114,0	6,7
Xestur Ourense, S.A.	835	14	2.915	1.320	249,1	9328,6
Xestur Pontevedra, S.A.	199	31	1.677	87	742,7	180,6
Galiol, S.A.	2	-	-	-	-100,0	-
Galicia Calidade, S.A.	100	70	97	101	-3,0	44,3
Xestión Enerxética de Galicia	227	36	225	29	-0,9	-19,4
Xenética Fontao, S.A.	87	11	87	33	0,0	200,0
S.A de Xestión do Plan Xacobeo	5.624	888	3.738	416	-33,5	-53,2
Sociedade de I. e P. Turística de Galicia	790	860	836	914	5,8	6,3
RETEGAL S.A.	109	36	641	67	488,1	86,1
Instituto Galego de Medicina Técnica	4.183	1.073	2.569	288	-38,6	-73,2
SOGAMA	3.617	27.646	7.601	25.595	110,1	-7,4
Xesgalicia S.A.	-	-	199	21	-	-
<b>Total</b>	<b>21.172</b>	<b>63.246</b>	<b>25.149</b>	<b>46.274</b>	<b>18,8</b>	<b>-26,8</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.1.13.

Presupostos das sociedades públicas 1999-00: entes públicos

	1999		2000		00/99	
	Explotación	Capital	Explotación	Capital	Explotación	Capital
	(en millóns de pesetas)				%	
Consello Económico e Social	131	6	139	10	6,1	66,7
IGAPE	1.136	10.958	11.130	863	879,8	-92,1
CIXTEC	665	225	810	858	21,8	281,3
Portos de Galicia	1.397	3.267	1.477	3.303	5,7	1,1
Obras e Servicios Hidráulicos	300	20	202	5	-32,7	-75,0
Instituto Enerxético de Galicia	-	-	212	300	-	-
C. Radio-Televisión de Galicia	15.999	2.124	15.809	1.712	-1,2	-19,4
Fund. P. Hospital de Verín	1.408	32	1.491	25	5,9	-21,9
Fundac. Instituto Galego de Oftalmoloxía	241	84	373	101	54,8	20,2
Fund. P. Hospital V.A. Xunqueira	1.386	161	1.561	76	12,6	-
Fund. P. Hospital da Barbanza	1.376	99	1.756	78	27,6	-21,2
Escola Galega de Admón. Sanitaria	240	1	300	-	25,0	-100,0
Foro Pte Galego Iberoamericano de Saúde	60	67	69	34	15,0	-49,3
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	-	-	2.358	-	-	-
<b>Total</b>	<b>24.339</b>	<b>17.044</b>	<b>37.687</b>	<b>7.365</b>	<b>54,8</b>	<b>-56,8</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

de 21.172 millóns de pesetas en 1999 a 25.149 millóns de pesetas en 2000. O presuposto de capital das ditas sociedades diminúe nun 26,8%, pasando de 63.246 millóns de pesetas en 1999 a 46.274 millóns de pesetas en 2000, debido basicamente á diminución dos investimentos de S.P.I., S.A. e de Sogama, como amosa o **cadro 4.1.12.**

O presuposto de explotación dos entes públicos incrementouse nun 54,8%, desde os 24.339 millóns de pesetas de 1999 ata os 37.687 millóns de pesetas en 2000. O presuposto de

capital destes entes pasa de 17.044 millóns de pesetas a 7.365 millóns de pesetas, o que supón unha diminución do 56,8% (**cadro 4.1.13.**). As actuacións máis relevantes previstas nos presupostos de capital das sociedade públicas reflíctense no **cadro 4.1.14.**

Sumando o total de gastos por operacións non financeiras de capital dos presupostos consolidados (216.854 millóns de pesetas) co presuposto de capital das Sociedades Públicas, que teña como orixe de fondos o financiamento alleo a longo prazo (SPI-Galicia, S.A: 16.795 millóns



**CADRO 4.1.14.**
**Actuacións previstas nos presupostos de capital das Sociedades Públicas 2000**

	importe	%	Total Sociedades	%
	(en millóns de pesetas)		(en millóns de pesetas)	
<b>IGAPE</b>				
Inmobilizado material	129	0,3		
Inmobilizado inmaterial	34	0,1		
Inmobilizado financeiro (Sodiga - BIC)	660	1,3		
Outras actuacións	40	0,1	863	1,7
<b>PORTOS DE GALICIA</b>				
Infraestructuras portuarias	3.215	6,3		
Estudios e proxectos	70	0,1		
Outras actuacións	18	0,0	3.303	6,5
<b>C. RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA E SOCIEDADES</b>				
Cancelación o traspaso a curto prazo da débeda	860	1,7		
Inmobilizado material	617	1,2		
Outras actuacións	235	0,5	1.712	3,4
<b>Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia</b>				
Inmobilizado inmaterial	863	1,7		
Outras actuacións	51	0,1	914	1,8
<b>SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.</b>				
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	1.474	2,9		
Consellería de Agricultura, Gandería e Pol. Agroalimentaria	2.306	4,5		
Consellería de Economía e Facenda	1.983	3,9		
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda	10.402	20,4		
Consellería de Xusticia, Interior e Relacións Laborais	696	1,4		
Consellería de Presidencia e Administración Pública	1.231	2,4		
Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo	387	0,8	18.479	36,2
<b>INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA</b>				
Cancelación o traspaso a curto prazo da débeda	190	0,4		
Outras actuacións	51	0,1	241	0,5
<b>SOGAMA</b>				
Inmobilizado material	3.753	7,4		
Cancelación o traspaso a curto prazo da débeda	21.727	42,6	25.480	50,0
<b>Total</b>	<b>50.992</b>	<b>100</b>	<b>50.992</b>	<b>100</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

**CADRO 4.1.15.**
**Endebadamento materializado en valores e créditos non comerciais das CC.AA. 1999-00 (1): débeda / habitante**

	1999		2000	
	Débeda acumulada	End/hab (2)	Débeda acumulada	End/hab (2)
	(en millóns de euros)	(en euros)	(en millóns de euros)	(en euros)
Andalucía	6.322	865	6.894	944
Aragón	905	763	923	778
Asturias	550	507	605	558
Baleares	337	410	351	427
Canarias	820	490	844	505
Cantabria	215	407	227	430
Castela - A Mancha	561	225	603	242
Castela e León	1.075	623	1.086	629
Cataluña	9.366	1.509	9.412	1.516
Extremadura	617	152	613	151
<b>Galicia</b>	<b>2.657</b>	<b>973</b>	<b>2.725</b>	<b>998</b>
A Ríoxa	133	124	140	130
Madrid	4.468	868	4.662	906
Murcia	595	526	598	529
Navarra	667	1.240	648	1.204
País Vasco	1.931	919	1.734	826
Valencia	4.895	18.459	5.890	22.211
<b>Total</b>	<b>36.114</b>	<b>898</b>	<b>37.953</b>	<b>944</b>

(1) datos correspondentes ó 4º trimestre de cada ano

(2) a partir de datos da Revisión Padronal de 1-1-1999

Fonte: Banco de España

de pesetas, Sogama: 22.500 millóns de pesetas, Medtec: 30 millóns de pesetas e SODIGA: 6 millóns de pesetas), obteríase unha porcentaxe das operacións non financeiras de capital co respecto o VEB galego a prezos básicos (prezos correntes) (fonte: IGE) do 5,15%.

O **cadro 4.1.15.** reflicte o endebedamento materializado en valores e créditos non comerciais das Comunidades Autónomas nos anos 1999 e 2000. Como se pode apreciar, a débeda acumulada en Galicia, segundo o avance do Banco de España, foi de 2.725 millóns de euros (453.402 millóns de pesetas), un 2,6% máis que no ano anterior. Esta cantidade significa o 7,2% do endebedamento total das Comunidades Autónomas españolas.

O endebedamento por habitante acadou os 998 euros (166.053 pesetas), un 5,7% superior á media de endebedamento por habitante do conxunto das Comunidades Autónomas. ■